



Manual da VPN para Ubuntu 14.04 e 16.04

Instalación


1. Descarga e descomprime o arquivo `vpn-UDP4-1194-config.zip` ou descarga o arquivo `vpn-UDP4-1194-config.ovpn`.
2. Abre o Centro de Software de Ubuntu e busca «*network manager*».




3. No resultado «*Red (network-manager-gnome)*» preme en *Máis información*, marca o engadido «*Network management framework (OpenVPN plugin GNOME GUI)*» e preme en *Aplicar cambios*.




4. Na icona indicador de conexións de rede, accede a *Conexións VPN » Configurar VPN*. Selecciona *Importar* (En Ubuntu 14.04, selecciona «*Engadir...*» e na nova ventá elixe «*Importar configuración gardada de VPN...*») e busca o arquivo `vpn-citius.ovpn` que estaba dentro do arquivo zip.



5. Na nova ventana, introduce o teu nome de usuario, e o teu contrasinal tanto no campo *Contrasinal* coma en *Contrasinal da chave privada* (o contrasinal é o mesmo en ambos casos).



6. Na lapela *Axustes de IPv4*, pulsa en *Rutas...*. Na nova ventana, marca a opción *Usar esta conexión só para os recursos na súa rede* e preme *Aceptar*.




- 7. Se queres resolver ben os nomes de equipos das redes da USC¹: Nesa mesma lapela, no desplegable elixe *Só direccións automáticas*. No campo *Servidores DNS* pon 193.144.75.9, 193.144.75.12 e en *Dominios de búsqueda* introduce *usc.es*.
- 8. Por último pulsa en *Gardar...*

Conectarse e desconectarse da VPN

Para conectarte, pulsa no icono indicador de conexións de rede e selecciona *Conexións de rede » Conexións VPN » vpn-citius* (o nome pode variar dependendo do nome da conexión que puxeras no proceso de instalación).

Para desconectarte, pulsa de novo no icono indicador de conexións de rede e selecciona *Conexións de rede » Conexións VPN » Desconectar VPN*.



1)

É preciso configurar esto para que se poida acceder correctamente a todos os servizos usando o seu nome, como o cloud e os servidores de licencias de Matlab e outros programas

From:

<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:

<https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:vpn:ubuntu>

Last update: **2018/02/14 16:51**

